

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día catorce de xaneiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asiste e presenta escusa don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de xaneiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 7 de xaneiro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. (Diario Oficial de Galicia número 246, do 27 de decembro de 2019).

- Resolución do 9 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 28 de decembro de 2018, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2019, e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 8, do 14 de xaneiro de 2019).

Consta concedida unha subvención por importe de 5.929,00 euros.

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 3 ao 9 de xaneiro de 2020, que comeza coa resolución da Alcaldía número 30/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 53/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
30/2020	03-01-2020	Rendibilización de excedentes temporais de tesourería, ano 2019. Adxudicación de excedentes temporais de tesourería, ano 2019.
31/2020	03-01-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de xaneiro de 2020
32/2020	03-01-2020	Concesión axuda alimentación básica e hixiene persoal por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto a C.D.M.S.
33/2020	03-01-2020	Desistencia tarxeta estacionamento de M.C.C.S.
34/2020	03-01-2020	Desistencia tarxeta estacionamento de M.V.M.
35/2020	03-01-2020	Denegación axuda aluguer a V.S.A. por non constituír unha solución axeitada
36/2020	03-01-2020	Fraccionamento de débeda do recibo 11374/193 da Taxa de Subministro de auga, depuración e sumidoiros e Canon da Auga: Solicitud de empresa ISIDRO 1952 S.L.
37/2020	03-01-2020	Decreto de estruturas Cabalgata de Reis
38/2020	07-01-2020	Aprobación xestión padroal do mes de xuño 2019
39/2020	08-01-2020	Solicitud de PROEL ASCENSORES, S.L. de bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras por proxecto de instalación dun ascensor no edificio en párroco M. Cobas 2
40/2020	08-01-2020	Aprobación xestión padroal do mes de xullo 2019
41/2020	08-01-2020	aprobación da organización da fase comarcal do campo a través dentro do Programa do Deporte Escolar -Xunta de Galicia- 2020.
42/2020	09-01-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.M.S. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
43/2020	09-01-2020	Axuda emerxencia social alimentos B I.V.F.
44/2020	09-01-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.C.R.B. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
45/2020	09-01-2020	Aprobación lista admitidos escolas deportivas mes de decembro 2019
46/2020	09-01-2020	Corrección erro RA número 2526/2019, de data 11 de decembro de 2019. Expediente 2019/G003/002314
47/2020	09-01-2020	Concesión axuda material escolar a Y.S.E.L.
48/2020	09-01-2020	Aprobación de desistencia axuda farmacia N.I.L.G.
49/2020	09-01-2020	Axuda emerxencia social alimentos A.F.L.P.
50/2020	09-01-2020	Concesión axuda vale alimentos a Z.B.H por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
51/2020	09-01-2020	Contratación docentes cursos formación complementaria Proxecto OE "PROXEDIS - PROWEB" Curso: "Masoterapia en pacientes encamados" 3 horas e Curso: "Hixiene postural" 6 horas
52/2020	09-01-2020	Modificacións bases Rasca e Gaña
53/2020	09-01-2020	Aprobación xestión padroal do mes de agosto de 2019

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación á entidade “Excavaciones J. Cancela Esmoris S,L.”, no prezo ofertado de 19.035,60€ sen IVE (23.033,08 € IVE incluído), da “*Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 de Cela*”. Expediente núm. 2019/C002/000020

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C003/000011, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra “*Remodelación da praza Europa en Cambre (Fase I)*”, obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio núm. 72/2019, do 9 de outubro)

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A.- Proposta de adxudicación á entidade “Excavaciones J. Cancela Esmoris S,L.”, no prezo ofertado de 19.035,60€ sen IVE (23.033,08 € IVE incluído), da “Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 de Cela”. Expediente núm. 2019/C002/000020

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xaneiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 13 de xullo de 2018 elabórase pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal o documento denominado “Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 Cela”, no que se describen e valoran as actuacións a realizar consistentes na execución dunha glorieta no entorno do Pazo de Cela que mellora o paso de vehículos grandes á vez que se protexe o cruceiro situado na intersección das tres rúas e se procede á sinalización tanto horizontal como verticalmente, inclúe a instalación dunha tubaxe de drenaxe con sumidoiro para conectarse e reposición de alumado, ademais dos cerramentos das fincas afectadas mediante muro de formigón armado ou enreixado metálico; por un importe de 19.834,34 euros sen IVE, e 23.999,55 euros IVE incluído.

Con data 21/01/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente e polo alcalde, no que se motiva a necesidade desta contratación en que a zona de actuación proposta é un cruce estreito de escasa visibilidade na que xa teñen ocorrido varios accidentes, polo que se propón a execución dunha rotonda no entorno do Pazo de Cela, rúa Igrexa, dando ademais protección ao cruceiro existente e mellorando o paso de vehículos; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo.

Con data 11/04/2019 emítese polo interventor municipal informe de fiscalización favorable á tramitación do expediente, no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 133 60900 e que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non superan os 40.000 euros en obras no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 10/04/2019. No mesmo consta que o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 13 de novembro de 2019 recíbese no Rexistro do Concello de Cambre, con núm. de entrada 04/1426, autorización de Augas de Galicia na que se especifican as condicións xerais e particulares a cumprir.

Con data 20 de decembro de 2019 recíbese no Rexistro do Concello de Cambre, con núm. de entrada 0/8454 resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, no que se autorizan as obras de referencia.

Con data 2/01/2020 emítase informe pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Jardinería Arce, S.L.
- Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.
- Erfinco S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.	19.035,60 €	23.033,08 €

formulando proposta de adxudicación da “Actuación de seguridade vial mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 Cela”, á entidade *Excavaciones J. Cancela Esmorís S.L.*, con NIF *****9706, e domicilio en Alfonso el Sabio 6 baixo- 15142 Arteixo (A Coruña), no prezo ofertado de 19.035,60 € sen IVE, 23.033,08 € IVE incluído, por ser a única entidade licitadora, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria xeral de data 13 de xaneiro de 2020, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 Cela”, elaborado pola enxeñeira técnica de Obra Públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanöe cun importe de 19.834,34 euros sen IVE, e 23.999,55 euros IVE incluído, e maila necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 133 60900

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000020, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución da “Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 Cela”, á entidade Excavaciones J. Cancela Esmorís S.L., con NIF B15769706, e domicilio en Alfonso el Sabio 6 baixo- 15142 Arteixo (A Coruña), no prezo ofertado de 19.035,60 € sen IVE, 23.033,08 € IVE incluído, por ser a única entidade licitadora, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanöe, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade coa Resolución de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462, a coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.” (GALCOOR) con NIF B-70121108.

Sétimo: Notifíquese á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, directora de obra e responsable do contrato, á entidade responsable da coordinación de seguridade e saúde; así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C003/000011, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente á obra “Remodelación da praza Europa en Cambre (Fase I)”,

obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da dita obra (Convenio núm. 72/2019, do 9 de outubro)

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de xaneiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 16 de abril de 2019 foi redactado o “Proxecto básico e de execución modificado da remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)” polos arquitectos dona Patricia Muñiz Núñez con número de colexiada 2855 e don Luciano González Alfaya con número de colexiada 3130, cun orzamento de 31.299,59 € sen IVE, 37.872,50 € IVE incluído.

Con data 7 de maio de 2019 emítese informe polo arquitecto municipal no que se especifica que respecto do proxecto orixinal “modificáronse cuestións técnicas e que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica”.

Tendo en conta o anterior, consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 28 de febreiro de 2019 polo arquitecto municipal, no que acompaña resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, con rexistro de entrada no Concello de Cambre de data 8/11/2018 e núm. 201890000002680, autorizando dita intervención.

O proxecto modificado foi aprobado polo Pleno municipal en funcións na sesión extraordinaria celebrada o 6 de xuño de 2019.

Con data do 9 de outubro de 2019 asínase un convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da Praza Europa (Fase I), convenio nº 72/2019, en virtude do cal a Deputación financiará unha porcentaxe do 76,09873% do orzamento das obras, por un importe de 28.820,49 euros, debendo o Concello utilizar para a adxudicación das obras os pregos-tipo de contratación aprobados pola Deputación Provincial da Coruña, empregando ben o procedemento aberto ou o procedemento aberto simplificado.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
PBE Modificado Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)	28.820,49 €	9.052,01 €	37.872,50 €

Con data 23 de setembro de 2019 emítese polo arquitecto municipal informe de conformidade técnica a proxectos externos.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 17 de outubro de 2019 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 1532 60900 Infraestructuras novas pavimentación, por importe de 37.872,50 euros.

Consta acta de replanteo de data 4 de outubro de 2019.

Consta o informe técnico elaborado polo arquitecto municipal, de data 7 de outubro de 2019 no que se propoñen os criterios de valoración das ofertas.

Consta a providencia de data 9 de xaneiro de 2020, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria e o interventor municipais con data de 11 de xaneiro de 2020 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento dos servizos mínimos esixidos a todos os municipios, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas [artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local], quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000011, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra "**Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)**", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro de 2019), cun valor estimado de 34.429,54 euros, e cun orzamento base de licitación de 37.872,50 euros (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na cláusula IV, punto segundo, do convenio asinado con data do 9 de outubro de 2019 de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da Praza Europa (Fase I) (convenio nº 72/2019), declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm.101, do 30 de maio de 2018 (versión castelán), e con suxeición á descrición técnica e pregos de prescricións técnicas obrante no expediente. Se ben, realizando nos mesmos as adaptacións necesarias, no Anexo II e cláusula 12.B, co fin de que no "Sobre B" se poida incluír a declaración responsable.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 37.872,50 euros, por conta da aplicación orzamentaria 1532 60900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.



A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de Camiños municipal, don Óscar Souto Muíño.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Juan González Leirós

A secretaria
Maria Luisa de la Red Ampudia